

## Relato gañador do V Concurso de microrrelatos fantásticos e de terror

# “Eran as 21:00...”

Na véspera de Samaín, na vila dos meus avós, os veciños do lugar reuníanse e adoitaban contar historias de terror.. das que, segundo conta a lenda, unha delas, a máis horripilante, faríase realidade.

Logo de seis ou sete pequenas historias -non moi arrepiantes-, chegou a miña quenda, o meu momento de impor o medo en todas as casas do lugar, ninguén estaría preparado para soportar a miña historia -que por seguro teño que sería a que se faría realidade-.

Antes de comezar presenteime: “Ola, son Afonso”. Pero parecía que ninguén me respondera... Que estraño.

Non lle dei maior importancia, pois todos estaban en silencio, así que optei por comezar co meu terrorífico conto: “Non eran máis das 21:00 cando...”, empezaba. Neste momento, un lixeiro son esvaecente me interrompe. A escuridade cae de súpeto.

Síntome atrapado por unhas mans con longas unllas. Eu estaba sendo arrastrado por esa sombría silueta.

Comecei a ver se de verdade iso estaba a ocorrer, e vexo que o meu corpo empezara a esvaeerse.

Non podía crelo... Ollei o meu reloxo... Marcaba -coma no inicio da miña historia, que acababa de comezar a contar- as 21:00!

*Alex Álvarez Studnicka*

2º BAC-A